

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Lois Tobío Fernández do 07/06/1965

Colección:

Data: 07/06/1965

De:

Fernando Pereira Caamaño;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

26 de Marzo, 3411, apto. 6 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Destino:

General Moscardó, 10, 2ªA (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete, e escrito na marxe esquerda].

Mencionados:

Castelao; Víctor Luís Molinari; Eduardo Pondal;

Notas do editor:

Fernando Pereira Caamaño foi secretario da Comisión de Instrucción da Casa de Galicia de Montevideo.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Lois Tobío Fernández do 07/06/1965

Montevideo, 7 San Xoán 1965.-

26 Marzo 3411, ap. 6

Montev.

F. Pereira

Estimado Sr. Tobío:

Por fin hoxe (vencendo unha preguiza que non me daba acougo), pñoñome de novo en contaito con vostede, i a darlle moitas e boas novas.-

Polo mare, que nos xunta e nos alonxa, mándolle unha mostra da súa fermosa laboura "Valoración de Pondal". Tamén a que corresponde ó premio de poesía do mesmo Concurso, oû sexa "Cinco poemas galegos", de Víctor Luis Molinari. Asimismo, no mesmo paquetiño, adxunto un novo chamado a concurso, con motivo dos 15 anos da morte do noso xamais ben gabado Castelao. É decir, as Bases do concurso orgaizado por "Casa de Galicia", cuio tema é: "Castelao no arte galego". Ademáis (tamén no mesmo feixe) vai ó primeiro número de "Guieiro", periódico do "Patronato da Cultura Galega", xa que coido que será do seu interés.-

Según os Estatutos de "Casa de Galicia" debemos enviarlle 50 volumes da Edición. Agardamos a resposta e ó xeito millor de que chegue aô seu poder.-

Remato a carta, anunciándolle que "Casa de Galicia" (como un anaco das "X Xornadas de Cultura Galegas") fará un pequeno aito literario, e n-el entregaremos púbricamente os libros a Molinari. ¡Que pena non contar coa presenza física de vostede! ...

[continúa na marxe esquerda da folla] Seica pronto. Namentras reciba unha aperta de:

F. Pereira [sinatura autógrafa]

[na esquina superior dereita, escrito a man e con bolígrafo vermello:] Cont. 21-IX-65

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.